

ED330B - Participación no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar.

Fondo Solidario

Beneficiarios: Alumnado matriculado no IES de Mugardos o vindeiro curso en **3.º e 4.º ESO**.

Os de 1.º e 2.º ESO están excluídos debido á participación no programa E-dixgal.

A asignación de libros de texto que estean dispoñibles no fondo solidario do centro, efectuarase por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias.

Ao **alumnado con necesidades específicas de apoio educativo** matriculado 1º, 2º 3º e 4º da ESO que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario en ningún curso, o centro expediralle un vale co que poderá adquirir libros ou material didáctico e complementario específico.

Axudas para material escolar

Beneficiarios: Alumnado matriculado en **1.º, 2.º 3.º e 4.º ESO** con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros.

Contía: vale de 50 euros.

Requisitos

1. Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2018/19. A falta de devolución dos libros de texto, sexan do curso inmediato anterior ou de calquera outro, será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2019/20. O prazo para devolvelos é o 21 de xuño ou como máximo a data de entrega de notas de xuño, agás para o alumnado de ESO que teña algunha materia pendente, que poderá quedarse co libro correspondente ata que se examine e, como máximo, ata o 7 de setembro de 2019.

2. Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2019/20 e devolvelos ao rematar este, en xuño ou setembro, segundo o caso.

Prazo e presentación de solicitudes

Do 21 de maio ao 21 de xuño de 2019.

As solicitudes pódense entregar de varios xeitos:

- Electronicamente a través da aplicación Fondo Libros, <https://edu.xunta.es/fondolibros> ou da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>
- En papel na secretaría do instituto ou nos rexistros oficiais.

Os impresos de solicitude poderán obterse no centro escolar, na aplicación Fondo Libros, nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Educación e tamén se poderán descargar na páxina <http://www.edu.xunta.gal>, na sede da Xunta <http://www.xunta.gal> ou na páxina web do centro.

Cubrirase unha soa aolicitude por alumno/a e, se hai varios membros da unidade familiar no mesmo centro, tamén se cubrirá un só impreso para todos.

Documentación

- Anexo I : Solicitude debidamente cuberta:
- Anexo II: comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar
- Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación en 31 de decembro de 2017, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios: Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor. Certificado ou volante de convivencia. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

+ Información

Sede electrónica da Xunta de Galicia, procedemento ED330B.

Aplicación na rede: <http://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>

ORDE do 3 de maio de 2019 (DOG do 20 de maio de 2019)